

percorrido


A saída para tódalas categorías (con separación entre percorridos) darase na praia do Vao de Vigo. Esta saída estará debidamente sinalizada e delimitada a tal efecto.

O percorrido consistirá nun “triángulo olímpico”, con dúas boias de obrigado paso: primeiramente a situada na marxe dereita mirando ao mar, e despois a da marxe esquerda. A meta, tamén sinalada e delimitada, emprazarase na beira da praia. Unicamente será válida a chegada no lugar establecido como meta.

A lonxitude do Trofeo de Natación-Augas Abertas (percorrido A) é de 2.500 metros, namentres que a lonxitude da Travesía a nado popular (percorrido B) é de media milla náutica: 926 metros.

Os nadadores e acompañantes participantes concentraranse na zona da saída ás 10.00 da mañá para a entrega de documentación. Unha vez pechada a entrega de gorros, chips e documentación non se realizará entrega posterior.

Para maior información consultar a figura debuxada ao dorso deste regulamento.



El Corte Inglés

40 Travesía a NADO

El Corte Inglés



5 agosto

proba de augas abertas e travesía popular

11:00 h.
praia do Vao
VIGO

El Corte Inglés



40 Travesía a NADO El Corte Inglés

organización

A 40 edición da "TRAVESÍA A NADO EL CORTE INGLÉS", rexerose pola Normativa de Competicións de Augas Abertas da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

A travesía constará de dúas probas diferenciadas:

- Media milla náutica: Travesía a nado popular
- 5º Trofeo de Augas Abertas Mar de Vigo

Cada deportista poderá participar só nunha proba debendo seguir o procedemento establecido e dentro do prazo fixado pola Organización.

participación

Establécese como DATA LÍMITE de inscrición o mércores 1 de agosto ás 20.00 horas, non sendo posible baixo ningunha circunstancia ningún tipo de inscrición, cambio ou modificación con posterioridade a esta data.

Para participar na proba de Natación-Augas Abertas é necesario ter máis de 14 anos e contar con licencia en vigor na tempada 2017-18 en calquera modalidade deportiva adscrita a unha Federación Deportiva Estatal.

A inscrición na travesía supón a aceptación do presente regulamento, quedando reservado o dereito de admisión.

Os dereitos de inscrición son gratuítos.

categorías

As categorías establecidas son as seguintes:

MEDIA MILLA NÁUTICA: TRAVESÍA POPULAR

CAT.	SEXO	NADADORES NACIDOS NO ANO	CAT.	SEXO	NADADORES NACIDOS NO ANO
1	MAS.	2003 E POSTERIORES	14	FEM.	1968 A 1977
2	FEM.	2003 E POSTERIORES	15	MAS.	1958 A 1967
3	MAS.	1998 A 2002	16	FEM.	1958 A 1967
4	FEM.	1998 A 2002	17	MAS.	1957 E ANTERIORES
5	MAS.	1993 A 1997	18	FEM.	1957 E ANTERIORES
6	FEM.	1993 A 1997			
7	MAS.	1988 A 1992			
8	FEM.	1988 A 1992			
9	MAS.	1983 A 1987			
10	FEM.	1983 A 1987			
11	MAS.	1978 A 1982			
12	FEM.	1978 A 1982			
13	MAS.	1968 A 1977			

3º TROFEO DE AUGAS ABERTAS MAR DE VIGO (Só para deportistas federados)

CAT.	SEXO	NADADORES NACIDOS NO ANO
19	MAS.	2004 E ANTERIORES
20	FEM.	2004 E ANTERIORES

inscricións

As inscricións efectuaranse en El Corte Inglés, no 5º andar - Departamento de Deportes, en horario de tarde (de 16 a 20 horas), sendo requisito imprescindible a presentación de calquera documento oficial no que figure a DATA DE NACEMENTO do deportista.

Asemade, os nadadores non federados menores de 18 anos na data de inscrición precisarán AUTORIZACIÓN paterna/materna no boletín de inscrición.

Os nadadores federados que non residan en Vigo, poden efectuar a súa inscrición chamando a El Corte Inglés de Vigo, departamento de Comunicación e Relacións Institucionais, teléfono 986 41 64 00. Neste caso a presentación de documentos realizarase o día da Travesía.

desenvolvemento DA PROBA E XURADO

A proba estará controlada polo Comité Galego de Árbitros da Federación Galega de Natación, sendo da súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da competición.

A efectos de identificación, cada participante recibirá da Organización un gorro numerado e un chip identificador, polo que será necesario acreditar a personalidade con algún documento oficial para a recollida dos mesmos. O gorro e o chip deberán colocarse antes de comezar a travesía e non retiralos ata finalizar a mesma.

A organización poderá pechar a chegada da proba transcorridos quince minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso os nadadores serán recollidos pola organización e trasladados á liña de meta.

Queda expresamente prohibida a utilización de axudas externas, como aletas, flotadores ou similares.

No que atinxe aos traxes de baño permitidos, será de aplicación a normativa internacional vixente: Normas FINA (BL 8 SWIMWEAR, FINA Bureau do 2 de decembro de 2016). A estes efectos, a temperatura da auga será comunicada pola organización unha hora antes do comezo da proba.

premios

5º TROFEO DE AUGAS ABERTAS MAR DE VIGO

Faranse dúas clasificacións absolutas: unha masculina e outra feminina, obtendo premio o/a:

- Campión/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 350 €
- Subcampión/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 250 €
- Terceiro/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 150 €
- Cuarto/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 100 €
- Quinto/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 80 €
- Sexto/a clasificado/a absoluto: trofeo e tarxeta-regalo de El Corte Inglés de 60 €

MEDIA MILLA NÁUTICA: TRAVESÍA A NADO POPULAR

• Campión, segundo e terceiro clasificado en cada categoría: trofeo El Corte Inglés
Ademáis:

- Trofeo ao nadador de maior idade
- Trofeo á nadadora de maior idade

A entrega de trofeos realizarase unha vez rematada a travesía na mesma praia.

NOTA. Tódolos participantes que naden na Travesía recibirán un obsequio conmemorativo da súa participación na 40 TRAVESÍA A NADO EL CORTE INGLÉS.